# ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 19 DE SETEMBRO DO 2019.

## ASISTENTES:

| | |
|---|---|
| **Presidente:**<br>Dª. María José Sampedro Fernández<br>(Alcaldesa en funcións)<br><br>**Membros que asisten:**<br><br>Dª. Ana Isabel Ruiz Reiriz<br>Dª. Ana Isabel Barreiro Rego<br>D. Víctor Reiriz Lampón<br>Dª. Juana María Brión Santamaría<br>Dª Elvira Pereira Ageitos<br>D. Ramón José Doval Sampedro | **Interventor:**<br>D. Pablo Bao Castro<br><br>**Secretario Xera:**<br>D. Juan Manuel Salguero del Valle<br><br>**Membros que non asisten:**<br><br>D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) |

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e corenta e cinco minutos do día dezanove de setembro do dous mil dezanove, reúnense os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

## I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.

Foron aprobadas, por unanimidade dos presentes, as actas das sesións ordinarias de datas 11 de xullo de 2019, 18 de xullo de 2019, 26 de xullo de 2019 e 1 de agosto de 2019.

## II.- CONTRATACIÓN.

**1.- PRÓRROGA DO CONTRATO ASINADO CON “OURI PRODUCCIONES ARTÍSTICAS, S.L.” ACTUALMENTE “OURI ENTRETENIMIENTOS, S.L.” PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE “DESEÑO E PRODUCIÓN DE CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS DE RIVEIRA PARA OS ANOS 2018 E 2019, CON POSIBILIDADE DE PRÓRROGA PARA 2020."**



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30006253C00Z1O0E8R0C6K6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 25/09/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/09/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2019 11:50:29

DOCUMENTO: 20190402748
Fecha: 25/09/2019
Hora: 11:50

O alcalde mediante resolución da data 02/01/2018 adxudicou o contrato para a prestación do servizo de “DESEÑO E PRODUCIÓN DE CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS DE RIVEIRA PARA OS ANOS 2018 E 2019, CON POSIBILIDADE DE PRÓRROGA PARA 2020" á empresa “OURI PRODUCCIONES ARTÍSTICAS, S.L.” (CIF B32425654).

O correspondente contrato formalizouse en documento administrativo na data 03/01/2018 para os anos 2018 e 2019.

Rexen no contrato o Prego de prescricións técnicas e o Prego de cláusulas administrativas particulares aprobados por decreto da alcaldía de data 16/11/2017.

De acordo coa cláusula 3 do Prego de cláusulas administrativas particulares, *“...O contrato terá unha duración de dous anos. Non obstante, o contrato poderá prorrogarse de forma expresa e de mutuo acordo das partes antes da súa finalización por un ano máis. A prórroga requirirá a previa solicitude do contratista, informe do responsable do contrato, a existencia de crédito adecuado e suficiente, o informe favorable da Intervención municipal, e a aprobación mediante resolución adoptada polo órgano de contratación”*.

Con data 06/06/2019 tivo entrada no Rexistro Xerai do Concelio, co número 8.000, un escrito da empresa contratista solicitando a prórroga do contrato.

A empresa adxudicataria, con data 02/07/2019, presentou escrito no Rexistro Xeral do Concelio, co número 9.579, comunicando o cambio de denominación social e aumento de obxecto social, mantendo a empresa o mesmo CIF. Aporta escritura, de *“Elevación a público de acordos sociais relativos ao cambio de denominación social e aumento do obxecto social”*, outorgada ante o notario de Ourense Fernando Martinez-Gil Fluxá na data 22/05/2019, polo que pasa a denominarse actualmente “OURI ENTRETENIMIENTOS, S.L.”

Con data 29/08/2019 emitiuse informe favorable á solicitude de prórroga do contrato para o ano 2020, asinado por Unai González Suárez como responsable do contrato.

Con data 16/09/2019, o interventor Pablo Bao Castro emite informe favorable de fiscalización previa e limitada.

O secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle emite informe favorable con data 18/09/2019.

Vistos os antecedentes citados,

A **XUNTA DE GOBERNO LOCAL,** de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta os seguintes acordos:**

**PRIMEIRO:-Prorrogar para o ano 2020** o contrato asinado coa empresa “OURI PRODUCCIONES ARTÍSTICAS, S.L” (CIF B32425654), actualmente “OURI ENTRETENIMIENTOS, S.L.” para a prestación do servizo de “DESEÑO E PRODUCIÓN DE CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS DE RIVEIRA PARA OS ANOS 2018 E 2019, COA POSIBILIDADE DE PRÓRROGA PARA 2020”

**SEGUNDO:-** Aprobar o gasto correspondente.

**TERCEIRO:-** Dar conta do presente acordo a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

**CUARTO:-** Notificar ao contratista a aprobación da prórroga, con indicación dos recursos pertinentes



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30006253C00Z1O0E8R0C6K6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 25/09/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/09/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2019 11:50:29

DOCUMENTO: 20190402748
Fecha: 25/09/2019
Hora: 11:50

**2.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE SERVIZOS EN RÚA DO MAR E RÚA DA VOLTA (CASTIÑEIRAS)".**

*Expediente: 2019/C_OB000001*

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto denominado **"PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE SERVIZOS EN RÚA DO MAR E RÚA DA VOLTA (CASTIÑEIRAS)"**, cun orzamento total de licitación de 140.146,42 euros (orzamento base: 115.823,49 euros; IVE 21%: 24.322,93 euros), e cun prazo de execución de 3 meses. (Valor estimado do contrato: 127.405,84 euros).

O investimento foi incluído no **"Plan complementario ó Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2017"**, aprobado polo Pleno da Excma. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 08/06/2017, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 14/06/2017, co número 10.251, e que foi declarado definitivamente aprobado por Resolución da Presidencia da Deputación que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 07/07/2017, co número 11.819.

O proxecto técnico, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data decembro/2016, aprobouse por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 20/02/2017.

O expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adxudicación (prezo mais baixo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61976, aprobáronse por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 28/02/2019.

A licitación anunciouse na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, na data 08/03/2019.

Na data 29/03/2019, a Mesa de contratación procedeu á apertura dos arquivos en soporte dixital, presentados polos licitadores que a continuación se indican, cuxas ofertas foron rexistradas, dentro do prazo concedido a tal fin, na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado e que contiñan a declaración responsable e a oferta económica de cada un deles, dando o resultado seguinte:

| LICITADORES | DECLARACIÓN RESPONSABLE | OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído) |
|---|---|---|
| ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO | CORRECTA | 92.746,43 € |
| ALCOMTE GALICIA, S.L. | CORRECTA | 95.272,14 € |
| ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L. | CORRECTA | 73.906,97 € |
| BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, S.L. | CORRECTA | 80.826,64 € |
| BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L. | CORRECTA | 87.773,60 € |
| CANARGA, S.L. | CORRECTA | 97.851,24 € |
| CETA CONTRATAS, S.L. | CORRECTA | 103.743,10 € |
| CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L. | CORRECTA | 79.900,00 € |
| CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L. | CORRECTA | 95.102,67 € |
| CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L. | CORRECTA | 94.060,26 € |



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30006253C00Z1O0E8R0C6K6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 25/09/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/09/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2019 11:50:29

DOCUMENTO: 20190402748
Fecha: 25/09/2019
Hora: 11:50

| | | |
|---|---|---|
| CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L. | CORRECTA | 97.407,56 € |
| CONSTRUCCIÓNS FERMÍN SIMAL, S.L. | CORRECTA | 94.876,03 € |
| DENUEVO PUNTO CREATIVO, S.L. | CORRECTA | 105.318,30 € |
| DESMACO, S.L.U. | CORRECTA | 87.250,60 € |
| EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. | CORRECTA | 98.971,17 € |
| EXCAVACIONES NIMA, S.L. | CORRECTA | 75.818,94 € |
| GESTAL Y LÓPEZ, S.L. | CORRECTA | 98.716,36 € |
| MANUEL BARCIA GARCÍA | CORRECTA | 98.264,46 € |
| MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L. | CORRECTA | 81.423,91 € |
| MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SL. | CORRECTA | 85.385,39 € |
| NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A. | CORRECTA | 98.264,65 € |
| SAGADE 2009 | CORRECTA | 83.872,29 € |
| SERGONSA SERVICIOS, S.L. | CORRECTA | 86.318,00 € |
| SESTRAMA IBÉRICA, S.L. | CORRECTA | 90.314,47 € |
| SONDEOS PORZUNA, S.L. | CORRECTA | 96.249,32 € |
| SONENSE DE GRANITOS, S.L. | CORRECTA | 90.350,00 € |
| SIR-AMG, S.L. | CORRECTA | 84.238,34 € |
| TARRÍO Y SUÁREZ, S.L. | CORRECTA | 98.449,97 € |

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas presentadas polos licitadores “Arines Obras y Proyectos, S.L.”, “Construcciones Anspal, S.L.”, e “Excavaciones Nima, S.L.” deben ser consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, a Mesa, na súa mesma reunión da data 29/03/2019, acordou requirir ás citadas empresas para que no prazo máximo de 5 días hábiles xustificasen a súas respectivas ofertas.

As notificacións dos requirimentos das xustificacións das ofertas consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, realizáronse na data 12/04/2019.

Dentro do prazo concedido, presentou documentación xustificativa da súa oferta económica, a través Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (PLACE), a empresa “Excavaciones Nima, S.L.”

Non consta, na citada plataforma (PLACE), que as empresas “Arines Obras y Proyectos, S.L.” e “Construcciones Anspal, S.L.” presentasen documentación algunha para a xustificación da súas respectivas ofertas económicas.

Con data 29/07/2019 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra “Pavimentación e renovación de servizos na Rúa do Mar e Rúa da Volta”*, no que conclúe que:

*“Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considerase que:*

*Na documentación presentada por Excavaciones Nima, S.L. expón os motivos especialmente vantaxosos que os levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria e medios auxiliares dos que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada.*

*As empresas Arines Obras y Proyectos , S.L. e Construcciones Anspal, S.L. non presentaron documentación para xustificar a súa oferta.”*

E segundo o exposto propón *“aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa Excavaciones Nima, S.L. e excluír ás empresas Arines Obras y Proyectos , S.L. e Construcciones Anspal, S.L. do proceso de licitación.”*



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30006253C00Z1O0E8R0C6K6 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 25/09/2019<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/09/2019<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2019 11:50:29 | DOCUMENTO: 20190402748<br>Fecha: 25/09/2019<br>Hora: 11:50 |
|---|---|---|

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos e vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 06/08/2019, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión da data 08/08/2019, adoptou os seguintes acordos:

*- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 29/07/2019 e considerando a documentación aportada polas empresas ás que se lle requiriu que xustificasen as súas ofertas económicas consideradas en principio como anormais ou desproporcionadas :*

*a) Considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa "Excavaciones Nima, S.L."*

*b) EXCLUÍR da licitación as empresas "Arines Obras y Proyectos , S.L." e "Construcciones Anspal, S.L.", por non presentar documentación para xustificar a súas respectivas ofertas económicas.*

*- De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de "Pavimentación e renovación de servizos en Rúa do Mar e Rúa da Volta (Castiñeiras)", do seguinte xeito:*

| ORDE | LICITADORES | OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído) |
|---|---|---|
| 1 | EXCAVACIONES NIMA, S.L. | 75.818,94 € |
| 2 | BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, S.L. | 80.826,64 € |
| 3 | MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L. | 81.423,91 € |
| 4 | SAGADE 2009 | 83.872,29 € |
| 5 | SIR-AMG, S.L. | 84.238,34 € |
| 6 | MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SL. | 85.385,39 € |
| 7 | SERGONSA SERVICIOS, S.L. | 86.318,00 € |
| 8 | DESMACO, S.L.U. | 87.250,60 € |
| 9 | BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L. | 87.773,60 € |
| 10 | SESTRAMA IBÉRICA, S.L. | 90.314,47 € |
| 11 | SONENSE DE GRANITOS, S.L. | 90.350,00 € |
| 12 | ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO | 92.746,43 € |
| 13 | CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L. | 94.060,26 € |
| 14 | CONSTRUCCIÓNS FERMÍN SIMAL, S.L. | 94.876,03 € |
| 15 | CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L. | 95.102,67 € |
| 16 | ALCOMTE GALICIA, S.L. | 95.272,14 € |
| 17 | SONDEOS PORZUNA, S.L. | 96.249,32 € |
| 18 | CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L. | 97.407,56 € |
| 19 | CANARGA, S.L. | 97.851,24 € |
| 20 | MANUEL BARCIA GARCÍA | 98.264,46 € |
| 21 | NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A. | 98.264,65 € |
| 22 | TARRÍO Y SUÁREZ, S.L. | 98.449,97 € |
| 23 | GESTAL Y LÓPEZ, S.L. | 98.716,36 € |
| 24 | EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. | 98.971,17 € |
| 25 | CETA CONTRATAS, S.L. | 103.743,10 € |
| 26 | DENUEVO PUNTO CREATIVO, S.L. | 105.318,30 € |

*- De conformidade co establecido no artigo 159, apartado 4.f.4º, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, requirir á empresa "Excavaciones Nima, S.L.", que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente a documentación que se indica na cláusula 16.1 do*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30006253C00Z1O0E8R0C6K6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 25/09/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/09/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2019 11:50:29

DOCUMENTO: 20190402748
Fecha: 25/09/2019
Hora: 11:50

*prego de cláusulas administrativas particulares.*

*De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.*

*De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.*

Dentro do prazo concedido a empresa "Excavaciones Nima, S.L" presentou a documentación requirida, que tivo entrada na Plataforma de Contratación do Sector Público na data 14/08/2019. Entre a documentación presentada inclúese a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 13/08/2019 (nº operación: 2019 33006006), xustificativa de constitución de certificado de seguro nº 2019/18746 de CESCE, por importe de 3.790,95 euros, en concepto de fianza do contrato e a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 13/08/2019 (nº operación: 2019 33006007), xustificativa de constitución de certificado de seguro nº 2019/18747 de CESCE, por importe de 3.790,95 euros, en concepto de fianza complementario do contrato.

Consta no expediente informe, emitido pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 09/09/2019, sobre que os medios materiais e persoais que a empresa acredita poñer a disposición da obra corresponden cos requiridos no anexo V do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen o contrato.

Consta tamén certificado emitido polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle, no que se manifesta que de acordo coa información que figura na Tesourería Municipal non constan débedas pendentes líquidas e esixibles a nome de Excavaciones Nima, S.L. CIF B15405335."

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 17/09/2019 e visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 18/09/2019.

Vistos os antecedentes citados, así como vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **ADOPTA OS SEGUINTES ACORDOS:**

**PRIMEIRO**.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

**SEGUNDO**.- De acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 08/08/2019, **adxudicar o contrato para realizar as obras de "PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE SERVIZOS EN RÚA DO MAR E RÚA DA VOLTA (CASTIÑEIRAS)" á empresa "EXCAVACIONES NIMA, S.L." (CIF B-15405335), nas seguintes condicións contractuais:**

**a) Prezo total do contrato: 91.740,92 euros (base: 75.818,94 euros ; IVE 21%: 15.921,98 euros).**



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30006253C00Z1O0E8R0C6K6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 25/09/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/09/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2019 11:50:29

DOCUMENTO: 20190402748
Fecha: 25/09/2019
Hora: 11:50

**b) Prazo de execución: 3 meses ,** segundo o establecido no proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira de data decembro/2016.

**TERCEIRO**.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, **requirir ó adxudicatario para formalizar o correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

**CUARTO**.- **Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.**

**QUINTO**.- Esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado "Perfil de Contratante".

**3.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "ADECUACIÓN E REORDENACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO NO LUGAR DE MARTÍN (RIVEIRA)".**

*Expediente: 2019/C_OB000002*

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto denominado **"ADECUACIÓN E REORDENACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO NO LUGAR DE MARTÍN (RIVEIRA)"**, cun orzamento total de licitación de 44.904,83 euros (orzamento base: 37.111,43 euros; IVE 21%: 7.793,40 euros), e cun prazo de execución de 2 meses. (Valor estimado do contrato: 40.822,57 euros).

O investimento foi incluído no **"Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2018"**, aprobado polo Pleno da Excma. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 16/05/2018, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 23/05/2018, co número 7.400, e que se considerou definitivamente aprobado por Resolución da Presidencia da Deputación número 21270 de data 14/06/2018, segundo circular complementaria que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 18/06/2018, co número 9.235.

O proxecto técnico, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data decembro/2017, aprobouse por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 15/12/2017.

O expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adxudicación (prezo mais baixo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 171 60911, aprobáronse por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 07/03/2019.

A licitación anunciouse na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, na data 08/03/2019.

Na data 29/03/2019, a Mesa de contratación procedeu á apertura dos arquivos en soporte dixital, presentados polos licitadores que a continuación se indican, cuxas ofertas



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30006253C00Z1O0E8R0C6K6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 25/09/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/09/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2019 11:50:29

DOCUMENTO: 20190402748
Fecha: 25/09/2019
Hora: 11:50

foron rexistradas, dentro do prazo concedido a tal fin, na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado e que contiñan a declaración responsable e a oferta económica de cada un deles, dando o resultado seguinte:

| LICITADORES | DECLARACIÓN RESPONSABLE | OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído) |
|---|---|---|
| ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO | CORRECTA | 30.622,75 € |
| ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L. | CORRECTA | 23.914,61 € |
| BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, S.L. | CORRECTA | 35.915,94 € |
| BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L. | CORRECTA | 33.057,75 € |
| CETA CONTRATAS, S.L. | CORRECTA | 37.007,52 € |
| CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L. | --- | --- |
| CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L. | --- | --- |
| CONSTRUCIÓNS FERMÍN SIMAL, S.L. | CORRECTA | 29.850,00 € |
| EXCAVACIONES NIMA, S.L. | CORRECTA | 30.449,66 € |
| GESTAL Y LOPEZ, S.L. | CORRECTA | 34.576,72 € |
| GROMA OBRAS, S.L. | CORRECTA | 28.457,04 € |
| MANUEL BARCIA GARCÍA | CORRECTA | 32.152,75 € |
| MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L. | CORRECTA | 27.150,72 € |
| NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A. | CORRECTA | 34.142,52 € |
| SESTRAMA IBÉRICA, S.L. | CORRECTA | 30.431,38 € |
| TARRÍO Y SUÁREZ, S.L. | CORRECTA | 34.142,52 € |

Visto o artigo 139.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que dispón "*Cada licitador non poderá presentar máis de unha proposición, sen prexuízo do disposto no artigo 142 sobre admisibilidade de variantes e no artigo 143 sobre presentación de novos prezos ou valores no seo de unha poxa electrónica. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis de unha unión temporal. A infracción de esas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas."*, a Mesa, na súa mesma reunión da data 29/03/2019, acordou declarar excluída da licitación a empresa Construcciones Anspal, S.L. por canto presentou dúas ofertas a esta licitación e sen que, polo tanto, se procedese pola Mesa á apertura das ditas ofertas.

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas presentadas polos licitadores "Arines Obras y Proyectos, S.L." e "Mecano Obras y Reformas, S.L." deben ser consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, a Mesa, na súa mesma reunión da data 29/03/2019, acordou requirir ás citadas empresas para que no prazo máximo de 5 días hábiles xustificasen a súas respectivas ofertas.

As notificacións dos requirimentos das xustificacións das ofertas consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, realizáronse na data 12/04/2019.

Dentro do prazo concedido, presentou documentación xustificativa da súa oferta económica, a través Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (PLACE), a empresa "Mecano Obras y Reformas, S.L."

Non consta, na citada plataforma (PLACE), que a empresa "Arines Obras y Proyectos, S.L" presentase documentación algunha para a xustificación da súa oferta económica.

Con data 30/07/2019 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30006253C00Z1O0E8R0C6K6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 25/09/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/09/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2019 11:50:29

DOCUMENTO: 20190402748
Fecha: 25/09/2019
Hora: 11:50

*ofertas presentadas na licitación da obra "Adecuación e reordenación de espazo público no lugar de Martín"*, no que conclúe que:

*"Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considerase que:*

*A documentación presentada por* Mecano Obras y Reformas, S.L.. *non se considera suficiente para xustificar a súa oferta.*

*A empresa Arines Obras y Proyectos , S.L. non presentou documentación para xustificar a súa oferta."*

E segundo o exposto propón *"excluír ás empresas* Mecano Obras y Reformas, S.L. e *Arines Obras y Proyectos , S.L. do proceso de licitación."*

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos e vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 06/08/2019, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión da data 08/08/2019, adoptou os seguintes acordos:

*- EXCLUÍR da licitación a empresa Construcciones Anspal, S.L., de acordo co disposto no artigo 139.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por canto presentou dúas ofertas a esta licitación.*

*- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 30/07/2019 e considerando a documentación aportada polas empresas ás que se lle requiriu que xustificasen as súas ofertas económicas consideradas en principio como anormais ou desproporcionadas:*

*a) EXCLUÍR da licitación á empresa "Mecano Obras y Reformas, S.L.", por non considerar suficiente a documentación presentada para xustificar a súa oferta.*

*b) EXCLUÍR da licitación á empresa "Arines Obras y Proyectos , S.L.", por non presentar documentación para xustificar a súa oferta.*

*- De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de "Adecuación e reordenación de espazo público no lugar de Martín (Riveira)", do seguinte xeito:*

| *ORDE* | *LICITADORES* | *OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)* |
|---|---|---|
| *1* | *GROMA OBRAS, S.L.* | *28.457,04 €* |
| *2* | *CONSTRUCIÓNS FERMÍN SIMAL, S.L.* | *29.850,00 €* |
| *3* | *SESTRAMA IBÉRICA, S.L.* | *30.431,38 €* |
| *4* | *EXCAVACIONES NIMA, S.L.* | *30.449,66 €* |
| *5* | *ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO* | *30.622,75 €* |
| *6* | *MANUEL BARCIA GARCÍA* | *32.152,75 €* |
| *7* | *BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.* | *33.057,75 €* |
| *8* | *NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.* | *34.142,52 €* |
| *9* | *TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.* | *34.142,52 €* |
| *10* | *GESTAL Y LOPEZ, S.L.* | *34.576,72 €* |
| *11* | *BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.* | *35.915,94 €* |
| *12* | *CETA CONTRATAS, S.L.* | *37.007,52 €* |

*- De conformidade co establecido no artigo 159, apartado 4.f.4º, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, requirir á empresa "Groma Obras, S.L.", que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30006253C00Z1O0E8R0C6K6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 25/09/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/09/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2019 11:50:29

DOCUMENTO: 20190402748
Fecha: 25/09/2019
Hora: 11:50

*Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.*

*De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.*

Dentro do prazo concedido a empresa "Groma Obras, S.L" presentou a documentación requirida, que tivo entrada na Plataforma de Contratación do Sector Público na data 13/08/2019. Entre a documentación presentada inclúese a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 09/08/2019 (nº operación: 2019 33006002), xustificativa de constitución de aval de Caixabank como garantía do contrato, por importe de 1.422,85 euros.

Consta no expediente informe, emitido pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 09/09/2019, sobre que os medios materiais e persoais que a empresa acredita poñer a disposición da obra corresponden cos requiridos no anexo V do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen o contrato.

Consta tamén certificado emitido polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle, no que se manifesta que de acordo coa información que figura na Tesourería Municipal non constan débedas pendentes líquidas e esixibles a nome de Groma Obras, S.L. CIF B70484811."

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 17/09/2019 e visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 18/09/2019.

Vistos os antecedentes citados, así como vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **ADOPTA OS SEGUINTES ACORDOS:**

**PRIMEIRO**.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

**SEGUNDO**.- De acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 08/08/2019, **adxudicar o contrato para realizar as obras de "ADECUACIÓN E REORDENACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO NO LUGAR DE MARTÍN (RIVEIRA)" á empresa "GROMA OBRAS, S.L." (CIF B-70484811), nas seguintes condicións contractuais:**

**a) Prezo total do contrato: 34.433,02 euros (base: 28.457,04 euros ; IVE 21%: 5.975,98 euros).**

**b) Prazo de execución: 2 meses ,** segundo o establecido no proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira de data decembro/2017.

**TERCEIRO**.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, **requirir ó adxudicatario para formalizar o correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30006253C00Z1O0E8R0C6K6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 25/09/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/09/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2019 11:50:29

DOCUMENTO: 20190402748
Fecha: 25/09/2019
Hora: 11:50

ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

**CUARTO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.**

**QUINTO**.- Esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado "Perfil de Contratante".

**4.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS EN AGRO DO AREAL E CAROLO (PALMEIRA)".**

*Expediente: 2019/C_OB000004*

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto denominado **"PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS EN AGRO DO AREAL E CAROLO (PALMEIRA)"**, cun orzamento total de licitación de 93.646,49 euros (orzamento base: 77.393,79 euros; IVE 21%: 16.252,70 euros), e cun prazo de execución de 2 meses. (Valor estimado do contrato: 85.133,17 euros).

O investimento foi incluído no **"Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2018"**, aprobado polo Pleno da Excma. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 16/05/2018, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 23/05/2018, co número 7.400, e que se considerou definitivamente aprobado por Resolución da Presidencia da Deputación número 21270 de data 14/06/2018, segundo circular complementaria que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 18/06/2018, co número 9.235.

O proxecto técnico, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data novembro/2017, aprobouse por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 15/12/2017, foi emendado por decreto da alcaldía de data 25/01/2018 (ratificado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión de data 29/01/2018) e por decreto da alcaldía de data 05/02/2018 (ratificado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión de data 26/02/2018)

O expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adxudicación (prezo mais baixo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453 61972, aprobáronse por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 07/03/2019.

A licitación anunciouse na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, na data 08/03/2019.

Na data 29/03/2019, a Mesa de contratación procedeu á apertura dos arquivos en soporte dixital, presentados polos licitadores que a continuación se indican, cuxas ofertas foron rexistradas, dentro do prazo concedido a tal fin, na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado e que contiñan a declaración responsable e a oferta económica de



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30006253C00Z1O0E8R0C6K6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 25/09/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/09/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2019 11:50:29

DOCUMENTO: 20190402748
Fecha: 25/09/2019
Hora: 11:50

cada un deles, dando o resultado seguinte:

| LICITADORES | DECLARACIÓN RESPONSABLE | OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído) |
|---|---|---|
| ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO | CORRECTA | 59.856,73 € |
| ALCOMTE GALICIA, S.L. | CORRECTA | 64.480,16 € |
| ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L. | CORRECTA | 50.414,31 € |
| BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, S.L. | CORRECTA | 59.242,32 € |
| BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L. | CORRECTA | 61.814,21 € |
| CANARGA, S.L. | CORRECTA | 61.983,47 € |
| CETA CONTRATAS, S.L. | CORRECTA | 67.735,05 € |
| CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L. | CORRECTA | 54.000,00 € |
| CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L. | CORRECTA | 63.548,04 € |
| CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L. | CORRECTA | 62.851,50 € |
| CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L. | CORRECTA | 58.741,89 € |
| CONSTRUCCIÓNS FERMÍN SIMAL, S.L. | CORRECTA | 49.750,00 € |
| EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. | CORRECTA | 62.921,15 € |
| EXCAVACIONES NIMA, S.L. | CORRECTA | 57.285,92 € |
| GESTAL Y LOPEZ, S.L. | CORRECTA | 68.315,50 € |
| MANUEL BARCIA GARCÍA | CORRECTA | 64.200,00 € |
| MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L. | CORRECTA | 57.604,20 € |
| MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.A. | CORRECTA | 61.930,94 € |
| NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A. | CORRECTA | 64.283,28 € |
| SERGONSA SERVICIOS, S.L. | CORRECTA | 60.735,00 € |
| SESTRAMA IBÉRICA, S.L. | CORRECTA | 63.462,91 € |
| SONDEOS PORZUNA, S.L. | CORRECTA | 64.476,77 € |
| SYR-AMG, S.L. | CORRECTA | 56.288,42 € |
| TARRÍO Y SUÁREZ, S.L. | CORRECTA | 56.497,47 € |

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas presentadas polos licitadores “Arines Obras y Proyectos, S.L.”, “Construcciones Anspal, S.L.” e “Construcións Fermín Simal, S.L.” deben ser consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, a Mesa, na súa mesma reunión da data 29/03/2019, acordou requirir ás citadas empresas para que no prazo máximo de 5 días hábiles xustificasen a súas respectivas ofertas.

As notificacións dos requirimentos das xustificacións das ofertas consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, realizáronse na data 12/04/2019.

Dentro do prazo concedido, presentou documentación xustificativa da súa oferta económica, a través Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (PLACE), a empresa “Construcións Fermín Simal, S.L.”

Non consta, na citada plataforma (PLACE), que as empresas “Arines Obras y Proyectos, S.L” e “Construcciones Anspal, S.L.”presentasen documentación algunha para a xustificación da súas respectivas ofertas económicas.

Con data 01/08/2019 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra “Pavimentación e instalación de rede de pluviais en Agro do Areal e Carolo (Palmeira)”*, no que conclúe que:

*“Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considerase que:*

*Na documentación presentada por Construcións Fermín Simal, S.L. expón os motivos especialmente vantaxosos que os levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30006253C00Z1O0E8R0C6K6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 25/09/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/09/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2019 11:50:29

DOCUMENTO: 20190402748
Fecha: 25/09/2019
Hora: 11:50

*provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria e medios auxiliares dos que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada.*

*As empresas Arines Obras y Proyectos , S.L. e Construcciones Anspal, S.L. non presentaron documentación para xustificar a súa oferta."*

E segundo o exposto propón *"aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa Construcións Fermín Simal, S.L.* e *excluír ás empresas Arines Obras y Proyectos , S.L. e Construcciones Anspal, S.L do proceso de licitación."*

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos e vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 06/08/2019, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión da data 08/08/2019, adoptou os seguintes acordos:

*- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 01/08/2019 e considerando a documentación aportada polas empresas ás que se lle requiriu que xustificasen as súas ofertas económicas consideradas en principio como anormais ou desproporcionadas:*

*a) Considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa "Construcións Fermín Simal, S.L."*

*b) EXCLUÍR da licitación ás empresas "Arines Obras y Proyectos, S.L." e "Construcciones Anspal, S.L.", por non presentar documentación para xustificar a súas respectivas ofertas.*

*- De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de "Pavimentación e instalación de rede de pluviais en Agro do Areal e Carolo (Palmeira)", do seguinte xeito:*

| *ORDE* | *LICITADORES* | *OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)* |
|---|---|---|
| 1 | *CONSTRUCCIÓNS FERMÍN SIMAL, S.L.* | *49.750,00 €* |
| 2 | *SYR-AMG, S.L.* | *56.288,42 €* |
| 3 | *TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.* | *56.497,47 €* |
| 4 | *EXCAVACIONES NIMA, S.L.* | *57.285,92 €* |
| 5 | *MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.* | *57.604,20 €* |
| 6 | *CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.* | *58.741,89 €* |
| 7 | *BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.* | *59.242,32 €* |
| 8 | *ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO* | *59.856,73 €* |
| 9 | *SERGONSA SERVICIOS, S.L.* | *60.735,00 €* |
| 10 | *BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.* | *61.814,21 €* |
| 11 | *MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.A.* | *61.930,94 €* |
| 12 | *CANARGA, S.L.* | *61.983,47 €* |
| 13 | *CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.* | *62.851,50 €* |
| 14 | *EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.* | *62.921,15 €* |
| 15 | *SESTRAMA IBÉRICA, S.L.* | *63.462,91 €* |
| 16 | *CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.* | *63.548,04 €* |
| 17 | *MANUEL BARCIA GARCÍA* | *64.200,00 €* |
| 18 | *NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.* | *64.283,28 €* |
| 19 | *SONDEOS PORZUNA, S.L.* | *64.476,77 €* |
| 20 | *ALCOMTE GALICIA, S.L.* | *64.480,16 €* |
| 21 | *CETA CONTRATAS, S.L.* | *67.735,05 €* |
| 22 | *GESTAL Y LOPEZ, S.L.* | *68.315,50 €* |



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30006253C00Z1O0E8R0C6K6 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 25/09/2019<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/09/2019<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2019 11:50:29 | DOCUMENTO: 20190402748<br>Fecha: 25/09/2019<br>Hora: 11:50 |
|---|---|---|

*- De conformidade co establecido no artigo 159, apartado 4.f.4º, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, requirir á empresa "Construcións Fermín Simal, S.L.", que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.*

*De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.*

Dentro do prazo concedido a empresa "Construccións Fermín Simal, S.L" presentou a documentación requirida, que tivo entrada na Plataforma de Contratación do Sector Público na data 12/08/2019. Entre a documentación presentada inclúese a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 09/08/2019 (nº operación: 2019 33005998), xustificativa de constitución de aval de Abanca, por importe de 2.487,50 euros, en concepto de garantía do contrato e a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 09/08/2019 (nº operación: 2019 33005999), xustificativa de constitución de aval de Abanca, por importe de 2.487,50 euros, en concepto de garantía complementaria do contrato.

Consta no expediente informe, emitido pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 09/09/2019, sobre que os medios materiais e persoais que a empresa acredita poñer a disposición da obra corresponden cos requiridos no anexo V do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen o contrato.

Consta tamén certificado emitido polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle, no que se manifesta que de acordo coa información que figura na Tesourería Municipal non constan débedas pendentes líquidas e esixibles a nome de Construcciones Fermín Simal, S.L. CIF B70039243."

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 17/09/2019 e visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 18/09/2019.

Vistos os antecedentes citados, así como vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **ADOPTA OS SEGUINTES ACORDOS:**

**PRIMEIRO**.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

**SEGUNDO**.- De acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 08/08/2019, **adxudicar o contrato para realizar as obras de "PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE REDE**



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30006253C00Z1O0E8R0C6K6 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 25/09/2019<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/09/2019<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2019 11:50:29 | DOCUMENTO: 20190402748<br>Fecha: 25/09/2019<br>Hora: 11:50 |
|---|---|---|

**DE PLUVIAIS EN AGRO DO AREAL E CAROLO (PALMEIRA)" á empresa "CONSTRUCIÓNS FERMÍN SIMAL, S.L." (CIF B-70039243), nas seguintes condicións contractuais:**

**a) Prezo total do contrato: 60.197,50 euros (base: 49.750,00 euros ; IVE 21%: 10.447,50 euros).**

**b) Prazo de execución: 2 meses ,** segundo o establecido no proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira de data novembro/2017.

**TERCEIRO**.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, **requirir ó adxudicatario para formalizar o correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

**CUARTO**.- **Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.**

**QUINTO**.- Esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado "Perfil de Contratante".

**5.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS POMBAL E CERVANTES (RIVEIRA)".**

*Expediente : 2019/C_OB000003*

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto denominado **"PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS POMBAL E CERVANTES (RIVEIRA)"**, cun orzamento total de licitación de 34.574,41 euros (orzamento base: 28.573,89 euros; IVE 21%: 6.000,52 euros), e cun prazo de execución de 2 meses. (Valor estimado do contrato: 31.431,28 euros).

O investimento foi incluído no **"Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2018"**, aprobado polo Pleno da Excma. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 16/05/2018, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 23/05/2018, co número 7.400, e que se considerou definitivamente aprobado por Resolución da Presidencia da Deputación número 21270 de data 14/06/2018, segundo circular complementaria que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 18/06/2018, co número 9.235.

O proxecto técnico, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data novembro/2017, aprobouse por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 15/12/2017.

O expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adxudicación (prezo mais baixo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453 61970, aprobáronse por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 07/03/2019.

A licitación anunciouse na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, na data 08/03/2019.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30006253C00Z1O0E8R0C6K6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 25/09/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/09/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2019 11:50:29

DOCUMENTO: 20190402748
Fecha: 25/09/2019
Hora: 11:50

Na data 29/03/2019, a Mesa de contratación procedeu á apertura dos arquivos en soporte dixital, presentados polos licitadores que a continuación se indican, cuxas ofertas foron rexistradas, dentro do prazo concedido a tal fin, na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado e que contiñan a declaración responsable e a oferta económica de cada un deles, dando o resultado seguinte:

| LICITADORES | DECLARACIÓN RESPONSABLE | OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído) |
|---|---|---|
| ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO | CORRECTA | 22.468,47 € |
| ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L. | CORRECTA | 18.430,16 € |
| BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, S.L. | CORRECTA | 26.863,85 € |
| BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L. | CORRECTA | 21.432,49 € |
| CANARGA, S.L. | CORRECTA | 23.223,14 € |
| CETA CONTRATAS, S.L. | CORRECTA | 24.776,42 € |
| CIES OBRA CIVIL, S.L. | CORRECTA | 25.773,65 € |
| CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L. | CORRECTA | 20.000,00 € |
| CONSTRUCIÓNS FERMÍN SIMAL, S.L. | CORRECTA | 17.950,00 € |
| EXCAVACIONES NIMA, S.L. | CORRECTA | 21.246,97 € |
| GESTAL Y LOPEZ, S.L. | CORRECTA | 25.067,87 € |
| MANUEL BARCIA GARCÍA | CORRECTA | 26.921,00 € |
| MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.A. | CORRECTA | 28.053,69 € |
| NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A. | CORRECTA | 21.396,13 € |
| SESTRAMA IBÉRICA, S.L. | CORRECTA | 24.287,80 € |
| TARRÍO Y SUÁREZ, S.L. | CORRECTA | 24.287,81 € |

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas presentadas polos licitadores "Arines Obras y Proyectos, S.L.", "Construcciones Anspal, S.L." e "Construcións Fermín Simal, S.L." deben ser consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, a Mesa, na súa mesma reunión da data 29/03/2019, acordou requirir ás citadas empresas para que no prazo máximo de 5 días hábiles xustificasen a súas respectivas ofertas.

As notificacións dos requirimentos das xustificacións das ofertas consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, realizáronse na data 12/04/2019.

Dentro do prazo concedido, presentou documentación xustificativa da súa oferta económica, a través Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (PLACE), a empresa "Construcións Fermín Simal, S.L."

Non consta, na citada plataforma (PLACE), que as empresas "Arines Obras y Proyectos, S.L" e "Construcciones Anspal, S.L." presentasen documentación algunha para a xustificación das súas respectivas ofertas económicas.

Con data 30/07/2019 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra "Pavimentación das rúas Pombal e Cervantes (Riveira)"*, no que conclúe que:

*"Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considerase que:*

*Na documentación presentada por Construcións Fermín Simal, S.L. expón os motivos especialmente vantaxosos que os levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria e medios auxiliares dos que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada.*

*As empresas Arines Obras y Proyectos , S.L. e Construcciones Anspal, S.L. non*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30006253C00Z1O0E8R0C6K6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 25/09/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/09/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2019 11:50:29

DOCUMENTO: 20190402748
Fecha: 25/09/2019
Hora: 11:50

*presentaron documentación para xustificar a súas respectivas ofertas."*

E segundo o exposto propón *"aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa Construcións Fermín Simal, S.L.* e *excluír ás empresas Arines Obras y Proyectos , S.L. e Construcciones Anspal, S.L. do proceso de licitación."*

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos e vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 06/08/2019, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión da data 08/08/2019, adoptou os seguintes acordos:

*- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 30/07/2019 e considerando a documentación aportada polas empresas ás que se lle requiriu que xustificasen as súas ofertas económicas consideradas en principio como anormais ou desproporcionadas:*

*a) Considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa "Construcións Fermín Simal, S.L."*

*b) EXCLUÍR da licitación ás empresas "Arines Obras y Proyectos , S.L." e "Construcciones Anspal, S.L.", por non presentar documentación para xustificar a súas respectivas ofertas económicas.*

*- De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de "Pavimentación das Rúas Pombal e Cervantes (Riveira)", do seguinte xeito:*

| *ORDE* | *LICITADORES* | *OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)* |
|---|---|---|
| *1* | *CONSTRUCIÓNS FERMÍN SIMAL, S.L.* | *17.950,00 €* |
| *2* | *EXCAVACIONES NIMA, S.L.* | *21.246,97 €* |
| *3* | *NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.* | *21.396,13 €* |
| *4* | *BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.* | *21.432,49 €* |
| *5* | *ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO* | *22.468,47 €* |
| *6* | *CANARGA, S.L.* | *23.223,14 €* |
| *7* | *SESTRAMA IBÉRICA, S.L.* | *24.287,80 €* |
| *8* | *TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.* | *24.287,81 €* |
| *9* | *CETA CONTRATAS, S.L.* | *24.776,42 €* |
| *10* | *GESTAL Y LOPEZ, S.L.* | *25.067,87 €* |
| *11* | *CIES OBRA CIVIL, S.L.* | *25.773,65 €* |
| *12* | *BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.* | *26.863,85 €* |
| *13* | *MANUEL BARCIA GARCÍA* | *26.921,00 €* |
| *14* | *MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.A.* | *28.053,69 €* |

*- De conformidade co establecido no artigo 159, apartado 4.f.4º, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, requirir á empresa "Construcións Fermín Simal, S.L.", que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.*

*De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30006253C00Z1O0E8R0C6K6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 25/09/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/09/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2019 11:50:29

DOCUMENTO: 20190402748
Fecha: 25/09/2019
Hora: 11:50

*entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.*

Dentro do prazo concedido a empresa "Construccións Fermín Simal, S.L" presentou a documentación requirida, que tivo entrada na Plataforma de Contratación do Sector Público na data 12/08/2019. Entre a documentación presentada inclúese a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 09/08/2019 (nº operación: 2019 33006000), xustificativa de constitución de aval de Abanca, por importe de 897,50 euros, en concepto de garantía do contrato e a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 09/08/2019 (nº operación: 2019 33006001), xustificativa de constitución de aval de Abanca, por importe de 897,50 euros, en concepto de garantía complementaria do contrato.

Consta no expediente informe, emitido pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 09/09/2019, sobre que os medios materiais e persoais que a empresa acredita poñer a disposición da obra corresponden cos requiridos no anexo V do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen o contrato.

Consta tamén certificado emitido polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle, no que se manifesta que de acordo coa información que figura na Tesourería Municipal non constan débedas pendentes líquidas e esixibles a nome de Construcciones Fermín Simal, S.L. CIF B70039243."

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 17/09/2019 e visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 18/09/2019.

Vistos os antecedentes citados, así como vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **ADOPTA OS SEGUINTES ACORDOS:**

**PRIMEIRO**.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

**SEGUNDO**.- De acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 08/08/2019, **adxudicar o contrato para realizar as obras de "PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS POMBAL E CERVANTES (RIVEIRA)" á empresa "CONSTRUCIÓNS FERMÍN SIMAL, S.L." (CIF B-70039243), nas seguintes condicións contractuais:**

**a) Prezo total do contrato: 21.719,50 euros (base: 17.950,00 euros ; IVE 21%: 3.769,50 euros).**

**b) Prazo de execución: 2 meses ,** segundo o establecido no proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira de data novembro/2017.

**TERCEIRO**.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, **requirir ó adxudicatario para formalizar o correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30006253C00Z1O0E8R0C6K6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 25/09/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/09/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2019 11:50:29

DOCUMENTO: 20190402748
Fecha: 25/09/2019
Hora: 11:50

**CUARTO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.**

**QUINTO**.- Esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado "Perfil de Contratante".

## III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta

## IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

## V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

## VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

**1.-** Vistos os escritos presentados por **Rebeca González Prego,** de data 23/05/2019 (Rexistro de entrada nº 7.179), no que solicita licenza de obras para mellora e conservación de vivenda unifamiliar existente sita no Rúa Real nº 20, Corrubedo, Riveira, en parcela con refª catastral nº 4137808MH9143N0001DZ.

**A Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico favorable emitido polo arquitecto técnico municipal, Jesús García Ramos, con sinatura dixital o día 31 de xullo de 2019, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 06/09/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** ***CONCEDER*** á Sra. Rebeca González Prego ***LICENZA DE OBRAS (Nº 35/19)*** para ***MELLORA E CONSERVACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE*** sita na Rúa Real nº 20, Corrubedo, Riveira, en parcela con refª catastral nº 4137808MH9143N0001DZ nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de s Arquitectos o día 24 de abril de 2019 redactado polo Sr. Jesús María Alonso Fernández, (arquitecto col. 2.831).



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30006253C00Z1O0E8R0C6K6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 25/09/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/09/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2019 11:50:29

DOCUMENTO: 20190402748
Fecha: 25/09/2019
Hora: 11:50

**SEGUNDO.-** A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**TERCEIRO.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmobles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

**CUARTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30006253C00Z1O0E8R0C6K6 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 25/09/2019<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/09/2019<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2019 11:50:29 | DOCUMENTO: 20190402748<br>Fecha: 25/09/2019<br>Hora: 11:50 |
|---|---|---|

- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**QUINTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SEXTO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros productos ou materiais procedentes da construcción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra apreciանse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30006253C00Z1O0E8R0C6K6 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 25/09/2019<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/09/2019<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2019 11:50:29 | DOCUMENTO: 20190402748<br>Fecha: 25/09/2019<br>Hora: 11:50 |
|---|---|---|

**NOVENO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación*.

**VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**XI.- VAOS PERMANENTES.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30006253C00Z1O0E8R0C6K6 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 25/09/2019<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/09/2019<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2019 11:50:29 | DOCUMENTO: 20190402748<br>Fecha: 25/09/2019<br>Hora: 11:50 |
|---|---|---|

**XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**1.-** Visto o informe emitido pola **Policía Local**, de data 10/09/2019, relativo á necesidade de instalación dun espello vial no cruce da Rúa Listres coa Rúa Insuabela, debido a problemas de visibilidade para a incorporación do tráfico desde a Rúa Insuabela á Rúa Listres.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a instalación dun espello vial no cruce da Rúa Listres coa Rúa Insuabela, orientado hacia Castiñeiras, para solucionar os problemas de visibilidade para a incorporación do tráfico desde a Rúa Insuabela á Rúa Listres, según o sinalado no citado informe policial.

**2.-** Visto o escrito presentado por **Antía Fontaiña Falque**, de data 02/09/2019 (Rexistro de entrada nº 12.146), no que solicita a revisión do sinal vertical de estacionamento express concedida ao establecemento denominado "O Xardín Ventureiro", situado na Rúa Rafael Dieste.

Visto o **informe** emitido ao respecto pola Policía Local, de data 16/09/2019.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a retirada da actual sinalización e que se proceda á colocación dunha sinal con limitación horaria como as establecidas en zona de carga e descarga e zona azul, coa lenda de escionamento express con tempo limitado a dez minutos; según o sinalado no citado informe policial.

**3.-** Visto o informe emitido pola **Policía Local**, de data 05/09/2019, relativo á necesidade da eliminación de dúas liñas viais amarelas pertencentes a un vao permanente, que xa non está en servizo, situado na Rúa Fondevila, nº 18.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a eliminación de dúas liñas viais amarelas pertencentes a un vao permanente, que xa non está en servizo, situado na Rúa Fondevila, nº 18, según o sinalado no citado informe policial.

**4.-** Visto o informe emitido pola **Policía Local**, de data 05/08/2019, relativo á necesidade de sinalización (R-308) na Rúa 2 Cubeliños (Riveira), co fin de evitar problemas de tráfico ocasionados polo vehículos que se atopan estacionados na súa marxe esquerda e reducindo considerablemente a circulación en ambos sentidos.



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30006253C00Z1O0E8R0C6K6 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 25/09/2019<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/09/2019<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2019 11:50:29 | DOCUMENTO: 20190402748<br>Fecha: 25/09/2019<br>Hora: 11:50 |
|---|---|---|

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a instalación de sinalización horizontal prohibindo o estacionamento de vehículos (Sinal R-308) na Rúa 2 Cubeliños (Riveira), según o sinalado no citado informe policial.

**APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS. EXERCICIO 2019.**

Vista a **proposta** de inicio de expediente subvencionador da Concelleira Delegada de Deportes, Juana María Brión Santamaría, de data 17/09/2019, na que propón a aprobación das bases da convocatoria de subvencións para a promoción de actividades deportivas, para apoiar as actividades de carácter deportivo desenvoltas durante o exercicio 2019 polos Clubes Deportivos do Concello de Riveira.

Visto o **informe** emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 17/09/2019.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar as bases da convocatoria de subvencións para a promoción de actividades deportivas – Exercicio 2019.

**ACHEGA CONCEDIDA A A.SARAQUETE E HIJOS, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).**

Vista a **proposta** de aprobación de conta xustificativa e pago de achega emitida polo Concelleiro Delegado de Seguridade e Mobilidade Cidadá, Víctor Reiriz Lampón, de data 18/09/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A.Sarasquete e Hijos, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público RIVEIRA MOVe da ruta regular "Aguiño-Riveira-Pobra do Caramiñal", relativo ao mes de maio; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 19/09/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Aprobar** a conta xustificativa presentada e **autorizar** o pago de achega a percibir derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A.Sarasquete e Hijos, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público RIVEIRA MOVe da ruta regular "Aguiño-Riveira-Pobra do Caramiñal", relativo



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30006253C00Z1O0E8R0C6K6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 25/09/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/09/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2019 11:50:29

DOCUMENTO: 20190402748
Fecha: 25/09/2019
Hora: 11:50

ao mes de maio; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 3.172,75 €.

**SOLICITUDES DE APROBACIÓN DE AXUDAS "BONO BUS" – CURSO 2019-2020**

Vista a **proposta** da Concelleira Delegada de Educación, Juana Brión Santamaría, de data 18/09/2019, relativa á concesión das axudas ao transporte para estudantes (bono bus) durante o curso 2019-2020

Vista a documentación que consta no expediente

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, acorda **aprobar** a concesión da axuda en transporte que corresponda aos estudantes que se recollen nas seguintes listaxes:

Destino Santiago de Compostela

| | |
|---|---|
| Sampedro Rodríguez, Julio | 54226029X |
| Mariño Crugeiras, Alex | 53489820P |
| Fontao Olveira, Inmaculada | 53796168L |
| Mariño Miranda, Alicia | 54225725M |
| Outeiral Domínguez, Ángel | 53797130S |
| Hornero Franco, Fernando | 53795291Q |
| Pardavila Paz, Cristina | 53795213F |
| Martínez Muñiz, David | 54224953S |
| Pérez Muñiz, Raúl | 53797012N |
| Rodríguez Franco, Iván | 53488238J |
| Cánibe García, Andrea | 53484598F |
| Olveira Míguez, Inés | 54224104V |
| Álvarez Estévez, Andrea | 53795807A |
| Dios Parada, Maite | 53796762S |
| Franco Seráns, Yanira | 54228145X |
| Sanisidro Saíñas, Borja | 53798517E |
| Martínez Crugeiras, Victoria | 53798307L |
| Serafín Martínez, María | 53485564F |
| Villafana Ulloa, José Carlos | 54226219Q |
| Rey Filgueira, Lidia | 53797392R |
| Rey Filgueira, María | 53797448B |
| Rivas González, Yago | 53489289Y |
| Alonso Lampón, Rubén | 53488043W |
| Pérez Rey, Cristina | 53487103M |
| Castrelo Novo, Marta | 53797699D |
| Campaña López, Rubén | 54227341B |



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30006253C00Z1O0E8R0C6K6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 25/09/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/09/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2019 11:50:29

DOCUMENTO: 20190402748
Fecha: 25/09/2019
Hora: 11:50

| | |
|---|---|
| Martínez Bernárdez, Elena | 53796593F |
| Pombar Sampedro, Ainara | 54226395P |
| Santos Vizcaya, Ricardo | 54226078J |
| Bretal Torres, Noelia | 53485691L |
| Fernández Nóvoa, Álvaro | 53797836P |
| Vila Martínez, Sergio | 53489616B |
| Gómez Ageitos, Leticia | 54224869T |
| Arca Sampedro, Carmen | 53797015S |
| Lojo lampón, Valeria | 53797581Y |
| Argibay Suárez, Javier | 53489255H |
| Pérez Pérez, Miguel | 54224181W |
| Pérez Abeijón, Iván | 53799902G |
| Triñanes Pérez, Laura | 54227722R |
| Señoráns Argibay, Darío | 53487601C |

**A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.**

**A Alcaldesa en funcións** **Dou fe, o secretario xeral**

**María José Sampedro Fernández** **Juan Manuel Salguero del Valle**



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30006253C00Z1O0E8R0C6K6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 25/09/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/09/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2019 11:50:29

DOCUMENTO: 20190402748
Fecha: 25/09/2019
Hora: 11:50